



Lecturas para ilusionar



Bibliotecas Públicas
Municipales

Premio Nacional Maria Moliner 2011

*«Necesitamos beber soños
como quen precisa beber auga»*

Álvaro Cunheiro

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- **Biblioteca Central Rialeda. Perillo**
- Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros
- Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera
- Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda
- Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé
- Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca. Montrove

Catálogo do fondo bibliográfico:

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Páxina web municipal:

www.oleiros.org

Biblioteca Central Rialeda

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: **biblioteca.rialeda@oleiros.org**

Depósito Legal: C 2619 - 2012





Premio Nacional
María Moliner
2011

Esta guía presenta obras de calidade literaria, artística ou científica para animar á súa lectura, audición ou visionado, pero tamén desexa lembrar que un libro, un CD, ou un DVD son tamén un bo agasallo.

Esta escolla foi realizada por todo o persoal das bibliotecas municipais e nela poderán atopar publicacións moi diversas. Trátase dunha selección de obras de autoras e autores galegos, españois e internacionais, para diferentes gustos, intereses e preferencias. Boas historias e bos libros para ler, observar ou mirar, películas ou discos para gozar e compartir. Témolas nas nosas bibliotecas e pódense levar en préstamo.

A clasificación que figura é:

INFANTÍS E XUVENÍS:

- Poesía e teatro
- Libros de coñecementos
- Banda deseñada
- DVD e CD
- Libros para nenas e nenos menores de 6 anos
- Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos
- “ “ “ “ 8 a 10 anos
- “ “ “ “ 10 a 12 anos
- “ “ “ “ 12 a 14 anos
- Libros para maiores de 14 anos

PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS:

- Álbum ilustrado
- Banda deseñada
- Obras literarias
- Libros de coñecementos
- DVD
- CD audio

Desexamos que todas as persoas poidan atopar algunha obra que lles guste.

Poesía e Teatro infantil e xuvenil



Almanaque musical

Antonio Rubio. Ilustracións de David Pintor. Kalandraka

Son doce meses e doce poemas. Un para cada mes do ano. A música é a protagonista destes versos, que soarán mellor se os acompañas das melodías suxeridas na última páxina do libro: Vivaldi, Bach, Mozart, Beethoven, Sibelius, etc.

Claro de luna

Quingyun Huang. Ilustracións de Peilon Liang. Faktoría K de Libros

Título poético e suxerinte para un libro que recompila 43 fermosas narracións en forma de verso: os xogos, e a relación coa natureza no ambiente despreocupado da nenez no sur da China. As delicadas ilustracións acompañan o texto en chinés, a transcripción fonética e a tradución ao castelán. Un gozo para os/as nenos/as e os/as que non o son tanto...



Galicia: do A ao Z

Ana María Fernández e Xoán Babarro. Ilustracións de Luisa Vera. Everest Galicia

Neste bonito percorrido poético por Galicia todas as letras do alfabeto serven de guía: desde o A de auga ata o Z de zoco, serán cantadas moitas cousas lindas da nosa terra.



Os poemas do río

Cristina Corral Soilán. Ilustracións de Aurora Cascudo Román. Everest Galicia. *Peza teatral escrita en verso que alenta a escribir poesía e a representar obras teatrais. Unha homenaxe ás poetisas galegas.*

Libros de coñecementos infantis e xuvenís



101 buenas razones para leer

Guillaume Long. Ilustracións da autora. Anaya

101 razóns para amosar aos nenos/as porque é bo ler. Todas elas baseadas en respostas reais dos máis pequenos e acompañadas de debuxos humorísticos da autora.



Abrapalabra!

Antón Cortizas. Xogos de Carlos Coira. Ilustracións de Jacobo Fernández Serrano. Galaxia

Xogos de maxia e poesía a toda cor. Un libro que che vai aprender a ser un supermago.

Animales al natural: Un acuario portátil

Masae Takaoka. Debuxos de Akio Kashiwara. Fondo de Cultura Económica

Todos os animais que aparecen neste libro están a tamaño real. Dádonos unha serie de datos para que nos fixemos neles e nos sirvan de guía nun acuario.



Do A ao Z: Camiño de Santiago

Ana María Fernández e Xoán Babarro. Ilustracións de Luisa Vera. Everest Galicia
LIBRO + CD-ROM

Para coñecer máis sobre o descubrimento do sepulcro do apóstolo Santiago e a súa posterior veneración.

Física divertida para gente curiosa

Tom Adams. Ilustracións de Thomas Flintham. SM

Solapas e lingüetas para aprender como funciona o noso mundo tal e como o coñecemos.



El fútbol

Ilustracións de Vicent Desplanche. Larousse

Libro sobre o fútbol, as súas técnicas e historia para os máis pequenos.

Había una vez una oruga

Judith Anderson. Ilustracións de Mike Gordon. Anaya

Libro que pertence á colección «Milagros de la naturaleza». Cántanos como é a vida da eiruga e a súa posterior metamorfose. Ademais inclúe notas para pais, nais e profesorado e actividades para reforzar o seu contido.



Na punta do pé

Pesdelán. Ilustracións de João Vaz de Carvalho. Kalandraka

LIBRO + DVD + CD

Poderás aprender a cantar, tocar e bailar pezas do noso patrimonio.

O Pazo Máxico: a túa primeira Escola de Maxia

Pedro Volta. Ilustracións de Carlos Silvar. Baía

A través de contos de maxia poderás converterte nun gran mago, neste libro atoparás todo o que debes saber.

Una pequeña historia para entender el universo

Hubert Reeves. Comanegra

Un xeito sinxelo a coñecer con total claridade o universo. A resposta a todas as túas dúbidas, e moito máis.

Los secretos de los dragones: el mundo y la vida de los dragones

S.A Caldwell. Larousse

Todos os que teñan interese polos dragóns deben ler este libro que nos introducirá na vida, lendas, feitizos e conxuros, todo acompañado de preciosas ilustracións.



Xa me tardan estes Magos

Mamá Cabra. Galaxia

Poesías musicadas e panxoliñas con temática típica do Nadal enchen as páxinas deste libro que ademais ven acompañado dun CD de audio.



Banda deseñada infantil e xuvenil



Cartas de inverno

Antonio Seijas. Xerais

Adaptación da novela de misterio de Agustín Fernández Paz.

O pintor Adrián Novoa, animado polo seu amigo Xabier, merca unha misteriosa casa nunha aldea de Galiza, onde vivirá unha arrepiante experiencia.



Inadaptadas

Cecil Castellucci e Jim Rugg. SM

Un atentado na cidade de Metro City, leva a familia de Jane a mudarse para esquecer a traxedia. Mais Jane tenta atopar un novo sentido á vida e xunto con outras catro rapazas do seu instituto forman o grupo S.I.M.P.L.E. co lema «A arte salva».

DVD e CD infantis e xuvenís



Aprende experimentos con Pap

Vitac Producciones

Colección de 5 dvd's onde un científico axudado por 3 nenas/os ensínanos a facer experimentos con cousas que temos na casa.



Chitty Chitty Bang Bang

Dirixido por Albert R. Broccoli. Metro Goldwyn Mayer

Unha aventura máxica e musical dun coche que roda, voa e flota. Un clásico que merece volver velo.

Érase una vez...

El cuerpo humano

Planeta-Agostini

Serie de debuxos animados infantís. Ensina aos nenos e nenas, diferentes aspectos do corpo humano como enfermidades, anatomía, etc. todo a través das aventuras dos distintos personaxes.



El secreto de la última luna

Filmmax

Había unha vez, cando a antiga maxia impregnou Moonacre, unha rapaza nova que tiña tanta beleza e pureza de espírito que era idolatrada pola Lúa como se fose a súa filla.

Libros para nenas e nenos menores de 6 anos

365 besos

Kimiko. Corimbo

Fermoso álbum ilustrado cheo de bicos de todo tipo para todos os días do ano.

O artista que pintou un cabalo azul

Eric Carle. Kalandraka

Homenaxe ao pintor alemán Franz Marc (1880-1916) precursor do expresionismo. É un libro para primeiros lectores que, a partir dun texto moi simple, vainos familiarizando con toda a gama cromática.



Cando chove

Leire Salaberria. Faktoría K de Libros
Cando chove pasan moitas cousas lindas. Á nena protagonista deste álbum e ao seu can encántalles que chova, aínda que non todo o mundo opina o mesmo. A mesma editorial publica a versión en castelán Cuando llueve.



¡Es un libro!

Lane Smith. Océano Travesía

Un asno xoga co seu portátil. Un mono le o seu libro. Asno sorpréndese da sinxeleza técnica do libro. Ao final, Mono terá que prestar o seu libro a Asno...

Esteban y el escarabajo

Jorge Luján. Ilustracións de Chiara Carrer. Fondo de Cultura Económica
Breve e significativo texto que acompaña unhas ilustracións de formato grande que narra a historia dun neno que decide que un escaravello continúe a súa viaxe.

A guerra dos números

Juan Darién. Ilustracións do autor. OQO
Facendo un uso simbólico e metafórico da operación matemática de restar, Juan Darién achéganos á loucura das guerras. Un conto para a paz que manexa conceptos como o da escravitude, o abuso, a resolución de conflitos e tamén unha ferramenta didáctica para familiarizarse con códigos e procesos matemáticos.

Historia de un árbol

Miguel Ángel Cuesta. Juventud
Unha árbore que vivía feliz nun bosque, ata que un día todo cambiou. Un conto sobre o ciclo da vida, que ensina aos nenos e nenas a amar a natureza e a importancia de respectala, coidala e conservala.

Lo que el lobo le contó a la luna

Lucia Scuderi. Juventud
O señor Lobo ten fame e vai comendo todo o que atopa pero o que xanta non lle senta no seu estómago.





Max no tiene sueño

Dagmar Geisler. Ilustracións do autor. Juventud

Ai! eses nenos e nenas que non teñen sono cando é hora de durmir... Nesta familia de osos, Max é un destes casos que non dá acougo aos seus pais.

O meu avó Carmelo

Dani Torrent. Kalandraka

Terra historia dun avó e o seu neto: os sentimentos e as experiencias compartidas son indestrutibles.



Nunca Máis: a ollada da infancia

Kalandraka

Libro feito polas nenas e nenos que viviron de forma intensa a catástrofe ecolóxica producida polo afundimento do Prestige naquel triste 13 de novembro do 2002.

Ovelliña dáme lá

Isabel Minhós Martins. Ilustracións de Yara kono. Kalandraka

A través de rimas podes descubrir as diversas utilidades da lá.



Papá non sabe

Ruan. Baía

Un narrador infantil cóntanos, aproveitando as diferentes opinións cos seus pais, a razón da choiva, da evaporación, do vento, da temperatura etc.

Texto mínimo e ilustracións a dobre páxina con trazos figurativos.

Papá, por favor, achégame a lúa

Eric Carle. Kalandraka

Mónica quere coller a lúa para xogar con ela. O pai buscou unha longa escada e levouna ata unha montaña moi alta, púxoala na parte superior e subiu e subiu...

Deliciosa obra, cunhas magníficas ilustracións e textos curtos.

Que che gustaría ser?

Arianna Papini. Kalandraka

Que lle gustaría ser a Rebeca? Un peixe. E ao peixe? Unha curuxa. E á curuxa?... O libro remata como comeza. Rebeca quere ser Rebeca para poder xogar a ser todos os animais.



Salvemos a los animales

Frances Barry. Juventud

Un primeiro libro para a protección do medio ambiente. Move as solapas para coñecer os animais en perigo e saber como podemos salvarlos!

Vamos a cazar un oso

Michael Rosen. Ilustracións de Helen Oxenbury. Ekaré

Para cazar un oso tes que atravesar montes, ríos, lagos, moitas perigosas aventuras pero sobre todo tes que ser moi valente.



Veo veo ¿a quién ves?

Guido Van Genechten. Enxeñería do papel e deseño, Tony Potter. Edelvives
Libro de adiviñas «animais». Debaixo da lapela agóchase un animalíño que terás que acertar. Me encanta comer hojas. ¿Quién soy? Unha eiruga, un caracol?



A viaxe de Olaf

Martín León Barreto. Kalandraka
A obra gañadora do IV Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados 2011 posúe fermosas ilustracións de formas xeométricas cun grande colorido. Conta a historia dun solitario Olaf que vai coñecendo a compañía de diferentes animais.

Libros para nenas e nenos de 6 a 8 anos



20.000 leguas baixo dos mares segundo a novela de Jules Verne

Virginie Hanna. Ilustracións de Sandrine Gambart. Baía

Relectura dun clásico pensada para o público máis novo. Formato grande cun magnífico traballo plástico da francesa Sandrine Gambart cun estilo próximo ao expresionismo alemán. Libro de alto valor estético.



La abuela necesita besitos

Texto de Ana Bergua. Ilustracións de Carme Sala. Proteus

O amor e o afecto son os remedios máis eficaces para as persoas que se van facendo maiores e precisan dos cuidados e os cariños dos demais.

Al final

Silvia Nanclares. Ilustracións de Miguel Brieva. Kókinos

Sorprendente libro a metade de camiño entre libro de ilustracións e cómic, cheo de intelixencia e imaxinación.



El búfalo y el pájaro

Catherine Zarcate e Olivier Charpentier. Proteus

Un búfalo, un paxaro cantor e un home. Os tres son imprescindibles para manter a harmonía da vida no campo. Un texto moi poético acompañado de ilustracións de gran plasticidade.

El camino del cole

Eduardo Mendoza. Ilustracións de Daniel Montero Galán. Alfaguara
Inés é unha nena que acaba de cumprir 8 anos e os seus pais xa a deixan ir soa ao colexio. Pero a Inés resúltalle moi aburrido ir todos os días polo mesmo camiño ela soa, inventará unha historia chea de personaxes fantásticos.



¡Un can no piso!

Fina Casalderrey. Ilustracións de Kristina Sabaite. Galaxia
Nova edición en tapa dura e con ilustracións de Kristina Sabaite deste libro que presenta unha situación demasiado coñecida para os máis pequenos, atopas un canciño na rúa, cheo de pulgas, si, pero que te namora e que cando chegas a casa con el, teus pais berran: Un can no piso!



Los cinco horribles

Wolf Erlbruch. Juventud
Cinco animais considerados horrosos deciden facer algo para que os demais muden a súa opinión. Un libro contra os prexuízos que impón o aspecto físico.

Los colores de Dulari

Dulari Devi. Texto de Gita Wolf. Kókinos
No leste da India, nas comunidades rurais do estado de Bihar, practícase un estilo de pintura, o Mithila, caracterizado pola súa sofisticación, variedade e delicadeza. Este libro conta a historia dunha nena que puido cumprir o seu soño de pintar o seu mundo para toda a humanidade.

Un conto cheo de lobos

Roberto Aliaga. Ilustracións de Roger Olmos. OQO

Nun conto cheo de lobos poden pasar moitas cousas sobre todo se aos lobos lles entra a fame.

Don Tronchante

Tony Mitton. Ilustracións de Sarah Warburton. Blume

Divertida historia dun cabaleiro andante que cambia feroces batallas por grandes risotadas.

La escuela secreta de Nasreen: una historia real de Afganistán

Jeanette Winter. Juventud

O que resulta cotián na nosa sociedade, pode ser moi perigoso, incluso fatal, en lugares como Afganistán: que as nenas vaian á escola.

El gran mago de Plantagás

Éric Puybaret. Edelvives

Segunda viaxe ao País dos Magos. O mago Azarías, o seu axudante Turpino e o aprendiz Pablo visitarán a Magus Magnat para intentar curarlle unha in-comodísima enfermidade para el, e sobre todo, para os habitantes de Plantagás.

Jan estivo alí

Xosé A. Neira Cruz. Ilustracións de David Soler. Galaxia

Partindo do marabilloso cadro de Jan Van Eyck «O matrimonio Arnolfini» este libro cóntanos como foi o seu proceso creativo. Un novo xeito de achegarse á arte.



Letras nos cordóns

Texto de Cristina Falcón Maldonado.
Ilustracións de Marina Marcolin.
Kalandraka

Nunha familia na que nada sobra, o valor das letras e a importancia de saber son un tesouro. O amor e a tenrura, dúas poderosas forzas coas que cambiar o futuro.



As manoplas de Carapuchiña

Inés Almagro. Ilustracións de Mikel Mardones. OQO

Actualización do conto tradicional de Carapuchiña, cun remate sorprendente. Magníficas ilustracións.

Morris, el cole ha desaparecido

Gabriela Keselman. Ilustracións de Maxi Luchini. SM

Dobre Oso non atopa o seu colexio por ningures. Menos mal que Morris sempre está disposto a axudar a un amigo... e a conseguir dobre ración de chocolate.



La noche del Marramiau

Texto e ilustracións de Xan López Domínguez. Edelvives

Mixi é un gato que chegou á localidade de Husmea disposto a gozar plenamente da «gran noite do Marramiau», pero todo se lle vai complicar cando enfada a unha malvada bruxa.

Diferente tipoloxía da letra, segundo o que se queira destacar. Obra de humor e misterio.

O paraugas amarelo

Texto de Joel Franz Rosell. Ilustracións de Giulia Frances. Kalandraka
Dunha fábrica de paraugas de aburridas cores, sairá un de cor amarela, que terá, como non, unha vida ben distinta aos dos seus semellantes.



Paula tiene dos mamás

Lesléa Newman. Ilustracións de Mabel Piérola. Bellaterra

Cando Paula ingresa no xardín de infancia dáse conta que se ben ela ten dúas mamás....non ten papá. Pero o máis interesante é que outros compañeiros tamén teñen familias distintas: Miriam ten mamá e unha irmá pequena, David ten un papá e unha mamá, Qi ten dous papás...



O principio

Paula Carballeira. Ilustracións de Sonja Danowski. Kalandraka

Espléndidas ilustracións realistas para un fermoso texto que nos fala dun renacer, da luz, a forza da risa, a palabra, a canción, a infancia que xoga e enche todo de vida.



Se os gatos levasen botas gobernarían as ras

Raquel Saiz. Ilustracións de Rashin Kheiriyeh. OQO

Unha moda absurda, calzar os gatos con finas botas, vai supor un estraño cambio de réxime nun afastado país: do goberno dos reis pasarán ao goberno das ras. Como se lle podería chamar a este extravagante cambio? De monarquía a ranarquía?



Soños de andel

Susana Lamela. Ilustracións de Maria Lires. Tambre

Nunha vila chamada Lemoito existe unha biblioteca onde vive un libro que pasa os días no seu andel porque ninguén o leva en préstamo para a súa casa.



Tío Elefante

Arnold Lobel. Kalandraka

Tío Elefante adopta o seu sobriño despois da desaparición dos pais deste. Lévaos para a súa casa e procura que o pase ben. Un libro sobre o amor e a amizade.

A xanela

Amalia Pérez Otero. Ilustracións de Nieves González Prado. Ir Indo

A xanela é a ventá máis ben posta de todas. Ten unhas vistas espectaculares e todos queren estar a carón dela... aínda que todos, todos, non. Hai unha nena, a nova inquilina da casa, que nin sequera se achega a ela. A xanela estráñase desa nena e decide actuar. Un conto de coñecemento mutuo, de amizade e sobre todo de tolerancia.

Libros para nenas e nenos de 8 a 10 anos



Capitán lo cuenta todo

Ann Cameron. Ilustracións de Adolfo Serra. Pearson

Capitán é un can moi especial, cóntanos como é a súa familia e os problemas que ten cando os humanos deciden traerlle como compañeira de xogos a gata Fiona. Un libro para valorar a nosa familia e as nosas mascotas.

Catro amigos pillabáns

Ramón Caride. Ilustracións de Manuel Uhía. Xerais


Manporquiño, Murrigato, Caracol Col e Murrato son catro amigos que viven en Animalandia e que un día accidentalmente atopan un bastón máxico que os levará polo mundo a vivir unha gran aventura.



Diario de Estela: ja por mis alas!

Stern & Jem. Molino

Se Estela non consegue as súas ás non se converterá nun anxo do amor. A súa misión consiste en que Nick e Emma se namoren.



Este soy yo

Daniel Nesquens. Ilustracións de Jesús Sotés. Egn editorial

Alejandro ten un caderno de tapas duras no que vai anotando as historias divertidas que lle van ocorrendo a el, aos seus pais, á súa irmá e a un can que ten que é moi amigo do fútbol e dos ganchiños con queixo.

Un intruso en mi cuaderno

David Fernández Sifres. Ilustracións de Rafael Vivas. Edelvives

Un bo día as bolboretas invaden o caderno de Mariano. Son de todas as formas, cores e tamaños, pero ningunha voa xa que están debuxadas. Terá que ser Mariano que descubra o creador das bolboretas.

¡Judy Moody es doctora!

Megan McDonald. Alfaguara

Outra historia máis de Judy Moody. Esta vez será un experimento médico o que meterá a esta rapaza nunha situación complicada.



Mefi, Sata e Demi

Mercedes Neuschäfer-Carlón e Dani Torrent. Kalandraka

Mefi, Sata e Demi vivían co seu pai, un señor viúvo, nun castelo tebroso facéndolle a vida imposible a todo o mundo, pero todo cambia o día que o pai decide volver casar e chegan ao castelo tres nenas doces, limpas e ben educadas.

El pequeño Rey Diciembre

Axel Hacke. Ilustracións de Michael Sowa. Lumen

Historia de amizade entre un oficinista e o pequeno rei Decembro, un ser que naceu grande e vai a menos a medida que pasa o tempo. A importancia de ollar as estrelas, comezar aventuras, imaxinar as historias dos que se cruzan nos nosos camiños.



Pequeños cuentos para los días de sol

Pirueta editorial

Escolma de trinta contos, fábulas e lendas que teñen ao Sol como protagonista.

Sempre tes que meter o nariz

Víctor Raga. Ilustracións de Montse Español. Xerais

Este libro inclúese dentro da colección O Club da Ciencia, destinados á aprendizaxe, desde a ficción, de xeito ameno e didáctico, de todos aqueles aspectos importantes ligados ao coñecemento científico que hoxe son esenciais para a educación das nenas e nenos.



Si yo fuera un pajarillo

Hanna Johansen. Ilustracións de Hildegard Müller. Oxford

Mario é un merlo ao que lle gusta cantar e, segundo din os seus coñecidos, non se lle dá mal de todo.



Ven a buscarme

Javier Marías. Ilustracións de Marina Seoane Pascual. Alfaguara
Os pequenos lectores veranse ante unha avoa, case como a súa, e entenderán o neno que desobedece, entra no bosque e ilusiónase co tesouro que unha nena descoñecida deixou enterrado.



Un veciño cheo de sorpresas

Víctor Raga. Ilustracións de Montse Español. Xerais
Martiño e Helena coñecen o señor Viramontañas porque vive no seu mesmo edificio e con el aprenderán unha morea de cousas sobre o Universo. Un título máis da colección «O club da ciencia para aprender de forma amena».

Libros para nenas e nenos de 10 a 12 anos



Diario de Greg 5: La cruda realidad

Jeff Kinney. Molino

A penúltima entrega desta saga, nel o protagonista chega á adolescencia e ten que enfrontarse ao cambios físicos, por fin é maior.

El dragón perezoso

Kenneth Grahame. Ilustracións de E. H. Shepard. Noguer

Historia dun dragón que non quere asustar a ninguén, e un cabaleiro que entende a súa postura e co seu enxeño, consegue tranquilizar a todo o pobo, asustado pola ameaza do dragón que se instalou no bosque.



Las maletas encantadas

Joan Manuel Gisbert. Ilustracións de Mónica Calvo. Narval

Unha maleta aparece abandonada no máis profundo do bosque e os animais, intrigados, empezan a facer preguntas.

Monster High

Lisi Harrison. Alfaguara

Monster High inicia unha serie ambientada nun instituto onde monstros e «normis» conviven con normalidade ou non.



O monstro das palabras

María Reimóndez. Ilustracións de Iván Sende. Xerais.

O monstro entrou na clase antes que a mestra e roubou as palabras da cabeza dos nenos e nenas. A mestra, que xa pasara outras veces por iso, decide contarlle a historia do monstro das palabras e a forma de defenderse del.



Morgana a dos ollos verdes

Pasqual Alapont. Ilustracións de Montse Español. Xerais

Morgana ten os ollos verdes, está no último ano de primaria e aínda non sabe o que quere ser de maior. Tampouco ten mozo, pero cando se cruza con Berenguel...

Palabras de auga

Marcos Calveiro. Ilustracións de Ramón Trigo. Xerais

O xamán Mkebe ordenou a todos os membros do clan dos Wakati da tribo dos Kimba que abandonasen o país Lomba coa esperanza de atopar unha terra mellor con auga abundosa.



Pip y los rastreadores del crepúsculo

Chris Mould. Anaya

Libro de aventuras e fantasía protagonizado por nenos/as. É a segunda entrega das aventuras de Pip, un neno orfo que tras escapar do orfanato atópase rodeado de malvadas criaturas dedicadas a capturar nenos.

Reencuentro con el señor Bello

Paul Maar. Ilustracións de Ute Krause.
Siruela

Max e o señor Bello, un can que fala, protagonizan esta divertida historia.

Skulduggery Pleasant, detective esqueleto: Ataduras mortales

Derek Landy. SM

Skulduggery Pleasant é un detective enxeñoso e astuto, que loita contra o mal a través dos poderes máxicos e coa axuda dunha nena de 12 anos, que é unha apaixonada das artes marciais.



Libros para nenas e nenos de 12 a 14 anos

La bruja de abril y otros cuentos

Bradbury, Ray. SM

Catro relatos deste magnífico escritor de ciencia ficción, apto para nenos/as que non teñen pesadelos, pero tamén recomendado para adultos/as que lles guste retroceder un pouco no tempo e vivir emocións que sentían entón.



Canción de Nadal

Charles Dickens. Adaptación e ilustracións de Rosa Fuentes. Do Cumio.

Novela clásica de Charles Dickens neste caso unha adaptación para os rapaces/as. É un cálido relato que nos convida a tomar en consideración as cousas que realmente teñen un gran valor na vida.

Dos caballos

Gemma Lienas. Planeta

Para escapar da violencia do seu pai, Manuel e Víctor deciden fuxir da casa e vivir dentro dun vello coche abandonado.

O home do traxe branco: o accidente

Herikberto M. Quesada. Xerais
Bug e os seus amigos atopan unha gran nave espacial no medio dun monte. Dela emerxen uns buzos que escoltan unha estraña criatura anfibia...



Los juegos del hambre

Suzanne Collins. Molino

Empezan os 74º Xogos da Fame, 12 mozos e 12 mozas compiten entre si e só un deles pode sobrevivir.

Juliette y los cien mil fantasmas

David Blanco Laserna. Anaya

Tras a morte do seu pai, Juliette vese na obriga de ter que abandonar a escola e ponse a traballar de criada nunha misteriosa mansión coñecida coma «a casa das cen mil pantasma».



Lengua de gato

José A. Ramírez Lozano. Edelvives

Na máxica cidade de Estambul, vive Farfián, un gato co don da palabra e a súa ama Eminé, moza muda capaz de tecer alfombras co fío máis fráxil: o do silencio.



O libro da selva

Rudyard Kipling. Morgante

Achégate a este clásico da literatura xuvenil e vive as aventuras do neno Mowgli criado na selva por unha familia de lobos.



Los lobos de Willoughby Chase

Joan Aiken. Salamandra

Bonnie queda ao coidado da señorita Slighcarp na mansión Willoughby Chase. Mais axiña desvelará as intencións da institutriz, quedar coa riqueza da súa familia.

Noah Barleywater escapa da casa

John Boyne. Kalandraka

Aos seus oito anos, Noah decide marchar da casa na procura de aventuras e coñecerá a un vello artesán capaz de construír fantásticos xoguetes.



El traficante de cómics

Pierdomenico Baccalario. Anaya

Sándor e os seus amigos viven na Hungría oprimida polo final do antigo réxime. Ante a situación que viven refuxiáranse no mundo dos superheroes dos cómics. Sándor vivirá outra vida secreta.

Premio Bancarellino 2012.

Violeta tamurana

Andrea Maceiras. Baía

A maxia da illa de Tamurana, a súa increíble cor violeta, está en perigo de desaparecer. Pao, o heroe desta novela, arriscará ata a súa propia vida para evitar a fin do seu marabilloso mundo.

Libros para maiores de 14 anos



Cielo rojo

David Lozano Garbala. SM

Se che gustan o misterio e a intriga, esta é a túa novela. Poderás participar da historia grazas aos contidos musicais e vía web creados para este título. Tres amigos, Nikolái, Ekateina e Dimitri forman o Club del Trueno, que obrigados a separarse, prometen reunirse, despois de pasar mil aventuras, antes de dez anos.



Os donos do paraíso

Andreu Martín. Rodeira

A través dos ollos de dous estudantes, Andreu Martín fala na súa novela das inxustizas cometidas durante a colonización de América. Unha reflexión sobre a lenda negra que parte dos escritos de frei Bartolomé de las Casas, o dominico que denunciou o xenocidio dos indios durante a conquista.



El faro de la mujer ausente

David Fernández Sifres. Edelvives

Trátase dunha novela de misterio, un disparo nos cantís, unha muller que non existe, un fareiro, un secreto oculto durante medio século..., e tamén de amizade que vai máis aló das fronteiras. Estudantes de diferentes nacionalidades durante un curso en Normandía comprenderán que as guerras non quedan tan lonxe como cremos e que as súas consecuencias permanecen durante moito tempo.

Festín de la muerte

Jesús Díez de Palma. SM

Dá igual de onde sexas ou a que te dediques. Dá igual que sexas un neno ou un adulto, unha promesa do fútbol ou un soldado recrutado á forza.

Esta é a historia desas persoas anónimas que, na Europa de 1939, foron arrastradas ao festín da morte.

Frío

Laurie Halse Anderson. Roca

Atopámonos ante un tema duro é difícil, tal como é o dos trastornos alimentarios, a autora demostra unha boa documentación, realizada antes de embarcarse na escrita da novela.

Palabras en la arena

José Ramón Ayllón. Palabra

Diario dun mozo que pasa o verán entre libros, amigos, deportes e sempre á beira do amor.

Palabras envenenadas

Maite Carranza. Rodeira

A desaparición de Bárbara, da que nunca apareceu o seu corpo e non se conseguiron probas para deter a ningún culpable, vai poñer patas arriba o destino de moita xente. Relato que presenta un caso que, por desgraza, sacude os xornais con demasiada frecuencia.

Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 2011.



El rostro de la sombra

Alfredo Gómez Cerdá. SM

Calquera noite, a «mala cabeza» dalgún, pode condicionar a vida de moitas persoas. E todo por conseguir que o seu vídeo sexa o máis visto en Internet en menos de 24 horas.



As sete mortes

Carlos Vila Sexto. Galaxia

Novela policíaca levada por unha parella de investigadores, Laura e Varona, combinando crime, esoterismo e misterio.

Tigre Tigre

Lynne Reid Banks. Bambú

Amor imposible, escravitude, e traizón son algúns dos ingredientes desta cativadora novela. Dúas crías de tigre son capturadas na selva e levados a Roma. Alí levarán vidas moi diferentes, un será adestrado para matar na area do circo, o outro será amansado para converterse na mascota da filla do César.



La venganza de las cajas

Víctor Almazán. Montena

Unha rapaza que vai estudar comunicación social e un vello obsesionado pola tele convirán baixo o mesmo teito. O vello elabora estrañas teorías sobre conspiracións nas que alguén buscaría a súa morte. A moza descubrirá se o vello estaba ou non no certo.



Vento galerno

Antonio Yáñez Casal. Xerais

Miro é un náufrago que chega a unha illa despois de dous días á deriva. Unha illa que parece funcionar cuns mecanismos diferentes aos que gobernan o mundo do que el procede. Unha illa que parece ter cambiado a un Miro que xa non será o mesmo...

Álbum ilustrado para mozas e mozos



El autobús de Rosa

Fabrizio Silei e Maurizio A.C. Quarello.
Barbara Fiore Editora

Álbum ilustrado que lembra o xesto de Rosa Parks, a muller que se negou a ceder o seu asento a un home branco nun autobús segregado na América dos anos cincuenta.



La bruja y el espantapájaros

Gabriel Pacheco. Fondo de Cultura Económica

Esta é a historia dunha meiga torpe que non logra manexar a vasoira e sempre queda atrás sendo rexeitada polos seus, e dun espantallo que decide axudala transformándose nunha vasoira.



Caperucita roja

Adolfo Serra. Narval

Unha nova versión só con imaxes do coñecido conto clásico, na que Carapuchiña introdúcese nun bosque-lobo.

Carta a un hijo

Rudyard Kipling. Ilustracións de Mauro Evangelista. Edelvives.

Fermoso álbum de gran tamaño, no que o texto é o poema de «Carta a un hijo», tamén coñecido co título de If. Amosa imaxes de gran beleza que van facendo referencia a personaxes e lugares míticos e literarios. Esta obra invítanos a reflexionar sobre a responsabilidade dos nosos actos e fálanos da importancia dos valores morais e eternos, os que permanecen sempre.

Compostela

David Pintor. Kalandraka

Unha viaxe polos lugares máis emblemáticos de Santiago.



El hombre de arena

Mai Prol. Guión de Mai Prol. Ilustracións de Federico del Barrio. Edicións de Ponent

Adaptación do conto de terror de Hoffmann, narrado de xeito orixinal mediante tiradas de tarot.

El mar y otras cosas de las que también me acuerdo

Mónica Gutiérrez Serna. Thule

Un paseo polas lembranzas de infancia da autora, homenaxe ao seu avó, que lle aprendeu as primeiras letras, os primeiros xogos.

Banda deseñada para mozas/os e adultas/os



Cabana de Balieiros

Tokyo. Demo

A pesca de baleas supuxo durante séculos unha base importante da economía das vilas galegas da Costa da Morte.

Capitán América: la saga de la bomba loca

Jack Kirby. Panini

O Capitán América embárcase na busca dos maiores conspiradores da historia e a súa maligna creación. Para amantes do cómic de superheroes.



Castelao, o pobre tolo

Guión de Inacio. Ilustracións de Iván Suárez. Demo/Libraría Kómic

A figura de Castelao cobra vida nesta novela gráfica, centrada no ano do seu desterro en Badaxoz.



Cousas de mortos

Manel Cráneo. Demo Editorial

Historias curtas no mundo dos mortos onde os protagonistas son os esqueletos.



Crónicas de Jerusalén

Guy Delisle. Astiberri

Tras vivir un ano en Jerusalén, Delisle ofrécenos a súa particular visión do conflito palestino-israelí. Mellor álbum no salón de Angoulême 2012.

Downtown

Tokyo. Dibbuks

«Lo malo de tener Síndrome de Down, es que el día que naces tus padres se ponen un poco tristes... lo bueno, es que después de ese día, no vuelven a estar tristes nunca más», así comeza este cómic, que de seguro vai arrancar máis dun sorriso a quen o lea.



As dúas viaxes

Xaquín Marín. El Patito Editorial
Novo volume da colección «Clásicos da historieta galega» que tenta dar a coñecer aquelas obras que axudaron á evolución da nosa banda deseñada.

Dublinés

Alfonso Zapico. Astiberri
Novela gráfica sobre a vida de James Joyce, nunha viaxe pola Europa de principios do século XX. Premio Nacional do Cómic 2012.

Historia de mestre Raposo: le Roman de Renart

Bruno Heitz. Faktoria K de libros
Adaptación ao cómic dun clásico francés. As aventuras dun raposo «revolucionario».



A mansión dos murmurios. Libro primeiro: Sara

Ilustracións de Tirso Cons. Guión de David Muñoz. Cor de Javi Montes. El Patito Editorial

A nena Sara é recluída nunha mansión onde lle aplican tratamento médico xunto con outros nenos. Mais estraños murmurios na noite levan aos rapaces a vivir feitos sobrenaturais e terroríficos.

Me habría encantado ser etnóloga...

Margaux Motín. Dibbuks

Atopámonos cunha protagonista un pouco «fashionista» e histérica, pero como non selo co difícil que é ser muller nos tempos que corren..., que ademais quere ser marabillosamente elegante, levar unha vida fabulosa e sobre todo, ser moi, moi feliz.

Milank: O prezo da supervivencia

Sam Timel. Ilustracións de Corentin. El Patio Editorial


A acomodada vida de Micha Khodorov cambia bruscamente cando o seu pai, un rico e poderoso empresario, se converte en vítima do goberno ruso.



Plaza elíptica: las aventuras del capitán Torrezno

Santiago Valenzuela. Edicions de Ponent

Sétima entrega desta serie que lle deu ao seu autor o Premio Nacional do Cómic 2011. O capitán Torrezno continúa as súas aventuras no Micromundo, universo de fantasía en miniatura creado nun soto por un funcionario do Ministerio de Obras Públicas.



La protectora

Keko. Edicións de Ponent

O autor retoma a historia de «The turn of the screw» de Henry James onde a finalizou, ofrecéndonos unha lectura persoal sobre algúns aspectos xa insinuados na obra do autor estadounidense.

Salpock, o val dos cegos

Guión de Álvaro López. Ilustracións de Luís Sendón. Demo Editorial

No planeta Zakfart crece o mozo Sálpock, náufrago caído das estrelas, que loitará por acadar a súa liberdade.



La vida con Mr. Dangerous

Paul Hornschemeier. Astiberri

Amy, moza de vinte e seis anos, sofre unha crise existencial e amorosa. Insatisfeita coa súa vida, evádese dela vendo a súa serie de televisión favorita: «Mr Dangerous».

Obras literarias para mozas/os e adultas/os



La acabadora

Michela Murgia. Salamandra
Nun pequeno pobo de Cerdeña, nos anos cincuenta, Bonaria Urrai, modista do lugar, adopta a María, cuarta filla dunha familia con problemas. Comezará para ela un novo mundo, feliz e tamén cheo de misterios.




Animaliños

Roberto Vidal Bolaño. Follas novas
«Animaliños» é a última obra escrita e dirixida por Roberto Vidal Bolaño e constitúe a terceira parte da triloxía iniciada con «Anxeliños» e «Criaturas». Neste texto, abórdase o tema da relación entre a natureza e a nosa sociedade, sempre desde un punto de vista irónico e humorístico.

Atl

Manuel Lourenzo González. Xerais
Atl é un mundo alternativo, no que os cidadáns viven controlados por un goberno tecnolóxico.
Premio Blanco Amor de Novela 2011.



La canción de los maoríes

Sarah Lark. Ediciones B
A segunda parte desta saga familiar ambientada na Nova Zelandia de finais de século XIX, chea de aventuras, vinganza, amizade, amor e desamor. Engancha de principio a fin.



El cielo a medio hacer

Tomas Tranströmer. Nórdica libros
Premio Nobel de Literatura 2011.

Unha poesía que nos coloca rapidamente ante o misterio de que máis aló do inmediato hai algo do que formamos parte e que ás veces é difícil convertela en algo tanxible.

La conjura contra América

Philip Roth. Mondadori

Roth propón que imaxinemos o que tería pasado si os EEUU non tiveran participado na Segunda Guerra Mundial e tiveran levado a cabo unha política de pactos con Hitler.

Contos da era do jazz

F.Scott Fitzgerald. Rinoceronte

Os anos vinte contados en forma de relatos por Scott Fitzgerald, un dos mellores escritores norteamericanos do século XX: unha época definida polo autor como a «era do jazz».



As criadas; O balcón

Jean Genet. Galaxia. Xunta de Galicia

«As criadas» é unha emblemática peza teatral escrita durante a estancia do autor no cárcere e inspirado nun tráxico feito real, dúas irmás que traballaban como empregadas domésticas asasinaron á dona da casa e a súa filla. «O balcón» é a súa ópera prima, unha comedia feita en recordo dos prostíbulos do barrio chinés de Barcelona pola que desfilarán diversos personaxes que acoden a poñer en escena as súas fantasías eróticas.

Cuando pase tu ira

Asa Larsson. Seix Barral

O cadáver dunha moza aparece flotando nun río e Rebecka Martinsson, unha reputada avogada, ponse a pescudar para atopar ao culpable.

¿Cuánta tierra necesita un hombre?

Lev Tolstói. Ilustracións de Elena Odriozola. Nórdica libros

Pajom é un campesiño que canta máis terra ten, máis necesita. Un día chega a súa casa un home que viña da zona do Volga, e cóntalle que os bashkirios están a ofrecer tanta terra como puidera recorrer unha persoa nun día... Este magnífico relato foi escrito en 1886 e trata sobre a ambición do ser humano, cunha vixencia e actualidade total.



Defensa cerrada

Petros Márkaris. Tusquets

Nova entrega da serie de novela negra protagonizada polo comisario Kostas Jaritos, politicamente incorrecto e contrario aos prototipos de heroe. Un paseo pola Atenas contemporánea entre os intereses internacionais e a delincuencia, constituíndo un retrato do noso tempo.

Deseos

Marina Mayoral. Alfaguara

É unha novela coa profundidade psicolóxica e o humor característico da autora, que conta a historia das xentes de Brétema: desexos ocultos, prohibidos, difíciles ou imposibles de realizar, pero tan intensos que condicionan ás súas vidas.



Despois da medianoite

Salma. Tradución de María Reimóndez.
Xerais

Unha das máis notables escritoras tá-miles da actual literatura india. Desde os trece anos comezou a escribir poesía e logo a publicar en revistas literarias, durante anos na clandestinidade pola oposición familiar. A súa obra foi obxecto de críticas destrutivas en sectores literarios polo uso da sexualidade feminina dunha maneira aberta na súa obra e polo contido feminista dos seus escritos.



Días sen gloria

Roberto Vidal Bolaño. Deputación da Coruña

Obra teatral sobre a peregrinación ao sepulcro do Apóstolo Santiago, o seu significado e sentido, o por que da súa permanencia e os motivos dos que durante séculos o veñen transitando e percorrendo. No ano 2013 dedicárase o Día das Letras Galegas ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño.



Donde se alzan los tronos

Ángeles Caso. Planeta

Novela histórica que narra a chegada ao trono de España de Felipe V, neto do rei de Francia, e como é casado coa nena María Luisa de Saboya, que terá como camareira maior á Princesa dos Ursinos, muller que acabará manexando a Corte ao seu antollo.

Los enamoramientos

Javier Marías. Alfaguara

María coñece á parella perfecta, ata que asasinan ao seu home, nese intre ela convertese en viúva e os acontecementos complícanse, aparece un novo namoramento.

Premio Nacional de Narrativa 2012.

El ejército furioso

Fred Vargas. Siruela

Unha vella lenda normanda, a do Exército Furioso, é o punto de partida para uns asasinatos que investigará o comisario Adamsberg.

Epigramas


Ernesto Cardenal. Trotta

Poeta nicaraguano, ademais de sacerdote, escultor e político, Ernesto Cardenal presenta esta serie de composicións breves que expresan un único pensamento de forma enxeñosa destacándose polo seu carácter satírico. Sinxeleza, delicadeza e tradición no ronsel de Cáculo e Marcial.

Europa Central

William T. Vollmann. Mondadori

Novela histórica, composta por varios relatos, ambientada na Segunda Guerra Mundial. Mestura personaxes reais e de ficción que viven baixo a ditadura de Hitler e Stalin.



El final de la inocencia

Linzi Glass. Siruela

Na Sudáfrica do apartheid, Emily, unha rapaza, agarda ilusionada polo verán e as súas novidades: unha familia de convidados, novos amigos... pero a súa presenza leva consigo acontecementos inesperados que mudarán a todos para sempre.



Grandes pechos, amplias caderas

Mo Yan. Kailas

Shangguan Lu pare oito nenas antes de que chegue o ansiado varón que perpetúe a estirpe. Unha historia cómica e trágica ao mesmo tempo que dá un repaso pola historia china do último século.

Premio Nobel de Literatura 2012

Habladles de batallas, de reyes y elefantes

Mathías Enard. Mondadori

O 13 de maio de 1506 Miguel Ángel Buonarroti desembarca no porto de Constantinopla, invitado polo sultán da cidade, Beyazid, para deseñar unha ponte sobre o Corno de Ouro, despois de rexeitar o que fixera Leonardo da Vinci.

El hombre del salto

Don DeLillo. Seix Barral

A través dos efectos que o ataque ás Torres Xemelgas no 2001 producen na parella formada por Keith e Lianne, reunidos tras unha longa separación, o autor exponnos as consecuencias morais e existenciais que o devandito acontecemento carrexaron para a sociedade de EE.UU e para o resto do mundo occidental. O libro opta por proxectarse cara ao futuro e tamén cara ao pasado.



Un hombre que duerme

Georges Perec. Impedimenta

Un estudante de París decide un día non levantarse da cama e deixar a súa vida en suspenso, deixar de actuar, de ter ningún tipo de protagonismo.

Indignación

Philip Roth. Mondadori.

É o ano 1950 e Markie, un mozo xudeu, intelixente e bo estudante, decide escapar do que el chama «opresión» do pai, matriculándose nunha universidade privada localizada a 800 quilómetros da súa casa.

Los invitados de la princesa

Fernando Savater. Espasa

Premio Primavera de Novela 2012. Mediante a sátira e o humor Savater relata o enclaustramento fortuíto dun grupo de persoas que quedan atrapadas nunha illa cando entra en erupción un volcán. Cun ton optimista, Savater, pon en boca dos seus personaxes temas de actualidade que invitan á reflexión á vez que resulta altamente crítico sobre os usos sociais actuais.





Jezabel

Irène Némirovsky. Salamandra
Gladys Eysenach é unha muller madura e de gran beleza que é acusada de asasinar ao seu amante, un estudante de vinte anos.

El jinete de bronce

Paullina Simons. Debolsillo
Leningrado, 1941: a guerra parece afastada nesta cidade de antiga grandeza, onde dúas irmás, Tatiana e Dasha Metanov, comparten un pequeno apartamento coa súa familia.



Labirinto da memoria

Euloxio R. Ruibal. Toxosoutos
Peza teatral de denuncia social e política sobre o renacer do fascismo nas sociedades neoliberais. Utilizando a invasión de Iraq como elemento desencadeante, puidera ser calquera outro acontecemento da actualidade, o autor pon de manifesto a barbarie da guerra que responde a intereses de persoas ou entidades co poder suficiente para impoñer vontades e «modus vivendi».

Las legiones malditas

Santiago Ponteguillo. Ediciones B
Novela histórica arredor de Publio Cornelio Escipión, comandante das tropas romanas en Hispania. As tensións do poder en Roma e a súa loita con Cartago conforman este interesante libro.

Leopardo son

Pilar Pallarés. Espiral Maior

Quince anos despois do seu último poemario, esta voz única na poesía galega actual presenta un combate corpo a corpo coa linguaxe que así se inventa como lugar privilexiado das transformacións.

Lo que te cae de los ojos

Gabriele Picco. Seix Barral.

Ennio é un mozo italiano que sente fascinación polas bágoas. El non pode chorar desde que morreu o seu irmán. A súa vida cambiará en Nova York cando, accidentalmente, descobre o caderno de Kazuko.

Os lonxes do solpor

Manuel María. Fundación Manuel María de Estudos Galegos

Poemario do insigne autor galego Manuel María, acompañado do disco de Uxía titulado «Andando a terra: Uxía canta a Manuel María» e do audiovisual de Anxa García Refoxo «De amor e cantería» que mereceu o premio Mestre Mateo á mellor produción experimental do ano 2011.

Luz de Tebra

Ánxel Vázquez de la Cruz. Xerais

Libro de relatos onde dominan os elementos esenciais que se poden aproveitar da narrativa de tradición oral. Ten como fío condutor a vida dun médico, el mesmo, desde a súa infancia, pasando polas cidades de Santiago onde estuda, facendo gardas no hospital en Vigo ou despois na Coruña no Materno Infantil.





Mal de pedra

Milena Agus. Kalandraka
Cando atopou o amor desexado xa era unha muller madura, casada e sen fillos. Coñeceuno mentres restablecíase nun balneario do seu mal de pedra.

La marca del meridiano

Lorenzo Silva. Planeta
Gañador do Premio Planeta 2012, cunha novela policíaca da serie protagonizada polos gardas civís Rúben Bevilacqua e Virginia Chamorro que, como o resto dos títulos da serie, pódense ler de forma independente. Estamos ante unha historia que trata temas de actualidade e na que o protagonista verase implicado a nivel persoal na trama que o levará a enfrontarse aos fantasmas dun escuro pasado.



Una misma noche

Leopoldo Brizuela. Alfaguara
Unha novela de suspense que explora o rol dos cidadáns enfrontados ás formas máis brutais do poder na Arxentina de 1976 e 2010. Narrada como o caderno dun detective formando un tempo íntimo e político, confesional, potente e destinado a perdurar.



A neta do señor Linh

Philippe Claudel. Rinoceronte
A guerra deixou ao señor Linh sen máis compañía que a da súa netiña Sang Diu.

Nuestro amor es como Bizancio

Henrik Nordbrandt. Random House Mondadori
Antoloxía cronolóxica dunha das grandes voces poéticas dos nosos días.

La palabra iluminada: (antología 1955-2007)

Manuel Padorno. Cátedra
Poeta e pintor adscrito non oficialmente ao movemento El Paso, significase como un dos principais autores da poesía canaria do século XX. Esta dualidade fai que o eixo fundamental da súa creación sexan ao unísono, imaxes e conceptos, palabras e cores. Esta antoloxía reúne cincuenta anos de creación, entre o silencio e a independencia.

La pesca del salmón en Yemen


Paul Torday. Salamandra
Ao científico Alfred Jones, membro do Centro Nacional para o Fomento da Piscicultura, encárganlle a introdución do salmón en Yemen, proposta que, inicialmente, el rexeita rotundamente debido as características naturais que necesitan estes peixes, pero detrás dese proxecto está un «jeque» árabe que, custe o que custe, quere levar ao seu país natal esta pesca deportiva.

Poemas y antipoemas

Nicanor Parra. Cátedra
A antipoesía sitúase dentro da post-vanguardia literaria e a través da mesma, co seu compoñente desacralizador, o chileno Nicanor Parra denuncia o absurdo, as contradicións e inxustizas que azoutan á clase media no sistema capitalista.

Poesía

Rafael Alberti. Seix Barral
Recompilación da poesía de Rafael Alberti, un clásico das letras hispanas.



Poesía completa

Idea Vilariño. Lumen

Foi profesora de literatura en Uruguai antes de que os militares destituísena do ensino público. A poesía de Idea Vilariño pode parecer simple, sinxela, pero é un traballo que busca o ritmo duro, concentrado, austero de cousas suxeridas. Lendo a Vilariño apréndese que o amor que nos rumorea a súa poesía é algo duro, difícil.



Por favor cuida de mamá

Kyung-Sook Shin. Grijalbo

Unha nai extraviáase na estación central de Seúl cando vai visitar aos seus fillos. A novela desenvólvese en catro partes narradas por outras tantas voces: a filla, o fillo, o home e a propia afectada. Unha historia coral con lembranzas alegres e tristes. Un choque xeracional entre distintas mentalidades.

Ruido de fondo

Don Delillo. Seix Barral

Delillo mostra os medos e conflitos afectivos de Jack Gladney un profesor universitario que vive nunha pequena cidade americana.



El ruido de las cosas al caer

Juan Gabriel Vásquez. Alfaguara
Premio Alfaguara de Novela 2011 e Finalista do Premio Médicis 2012


Na Colombia de 1994 a 1996, Antonio Yammara coñece a Ricardo Laverde xogando ao billar e axiña sabe que estivera preso uns 20 anos. Yammara comeza a interesarse por el, e ese interese convértese en obsesión o día en que é asasinado. A historia dunha amizade frustrada, xunto cunha historia de amor en tempos convulsos, e, como nos di a editorial, unha radiografía dunha xeración atrapada polo medo.

Solar

Ian McEwan. Anagrama

Michael Beard é o director dun centro de investigación sobre o cambio climático instalado nas aforas de Reading. A súa quinta, nova e fermosa esposa descóbree nunha aventura cunha profesora de matemáticas...

As obras deste autor sempre sorprenden, neste libro mestura realidade con ficción, a vida cotiá cos problemas da infidelidade e todo rodeado da temática do cambio climático, o qumentamento da atmosfera e a busca de enerxías alternativas e renovables.



Svea Kött (carne sueca)

Domingo Tabuyo

Ao comisario Sindo Romero tócalle investigar dous misteriosos asasinatos, un en Madrid e outro en Cambados que a pesar da distancia parecen estar conectados.

Tiempo de arena

Inma Chacón. Planeta

A situación da muller en España de finais do século XIX e principios do XX serve de pano de fondo da historia principal, a busca dos fillos dunha das protagonistas.

Cunha prosa plástica e descritiva a autora nármanos unha historia intimista e familiar pero cun importante fondo de denuncia social.

Todo cuanto amé

Siri Hustvedt. Circe

Unha interesante e fermosa novela que nos achega á complexidade das relacións humanas, ao mundo da arte e a diferentes patoloxías psicolóxicas. Leo, un profesor de arte, de orixe europeo e marcado polas persecucións nazis a súa familia, iranos narrando, en primeira persoa, a forma en que coñeceu o pintor Bill Wechsler, a raíz de mercar un cadro seu.

¡Todo importa!

Ron Currie. Seix Barral

A Junior Thibodeau élle revelada unha profecía o día do seu nacemento: en 36 anos, 168 días, 14 horas e 23 segundos un meteorito impactará sobre a Terra e acabará co noso mundo. Este feito faralle preguntarse, ao longo da súa vida, se hai algo que realmente importe. Aventuras, intriga e humor para unha novela moi atractiva.



Todas las mujeres

Guy de Maupassant. Siruela

Antoloxía de relatos de Maupassant, reunidos e traducidos por Mauro Armijo, onde aparecen os personaxes femininos dos seus contos.



Todos mis cuentos

Ana María Matute. Debolsillo

Conxunto de 9 contos dirixidos especialmente a quen botan de menos a infancia e resístense a esquecer que no seu interior segue vivindo aquel neno ou nena de antes. Todo iso cunha linguaxe tenra e sensible, chea de imaxinación, inxenuidade e rodeada de fermosas descrições poéticas.

Tonas de laranxa

Manuel Lorenzo Baleirón e María Lorenzo Miguéns. Xerais

A través duns poucos personaxes imos coñecendo como é a vida na vila de Moreira.

Premio Xerais de Novela 2012.



El verano sin hombres

Siri Hustvedt. Anagrama

Despois de trinta anos casada e sen adulterios, Mia, aos 55 anos, vólvese tola cando o seu home pídelle unha pausa no seu matrimonio, pero esta «pausa» é francesa, vinte anos máis nova que ela e traballa con el no laboratorio...

Unha novela amena sobre esa crise que acontece nalgunhas parellas despois de levar moitos anos vivindo xuntos e sen problemas. Tamén fala das diferenzas, principalmente a que marca a idade.



Vía secundaria

An Alfaya. Edicións Xerais de Galicia
Obra gañadora do Premio de novela por entregas de La Voz de Galicia 2010. An Alfaya preséntanos unha intriga, por veces detectivesca e con acenos de novela negra, que serve de pretexto para tradear no interior e nos conflitos psicolóxicos duns personaxes cuxas vidas entrecrúzanse a raíz dun atropelo nun día de choiva.

El viaje involuntario de un suicida por afición

Einzlkind. Siruela

A Harold gústalle suicidarse. Vive en Londres, ten corenta e nove anos e xoga ao bridge con tres señoras todos os xoves. Unha vida normal até que aparece Melvin, de once anos, á busca do seu pai. Harold decidirá acompañalo nunha viaxe por Inglaterra e Irlanda.

La vida de las mujeres

Alice Munro. Lumen.

Narración en aparencia sinxela que nos amosa o cotián na vida dunha vila pequena a través das verbas dunha nena, todo un universo de observacións sobre Jubilee e os seus habitantes.

La vida imaginaria

Mara Torres. Planeta

Finalista do Premio Planeta 2012, esta novela narra as peripecias de Fortunata Fortuna, «Nata» para os amigos, publicista que acaba de ser abandonada polo seu mozo Alberto, «Beto», e que se atopa en plena fase «de duelo». Terá que enfrontarse á súa crise persoal pero tamén á do mundo que a rodea.

Visión desde el fondo del mar

Rafael Argullol. Acantilado

Complexo autorretrato no que o escritor volve sobre as cousas que viviu seguindo os camiños máis diversos. Unha invitación a mergullar cara ao mundo abisal da nosa personalidade, ás escuras profundidades dos nosos anhelos e temores, aínda a risco de que as correntes nos leven por diante.

As voces baixas

Manuel Rivas. Xerais

Deliciosa obra na que o autor nos fala de persoas e lugares queridos, xunto coas lembranzas da infancia e primeira mocidade.



Yo también tuve una novia bisexual

Guillermo Martínez. Destino

A historia non pode ser máis sinxela: un profesor arxentino que quere saír do seu entorno para rematar unha novela, un oportuno curso de Literatura Española no sur dos Estados Unidos e unha alumna avantaxada en «todas» as materias cambiará os seus plans.



Los zorros vienen de noche

Cees Nooteboom. Siruela

Historias de amor e morte forman este volume dun dos escritores holandeses con máis proxección internacional.

Libros de coñecementos para mozas/os e adultas/os



As 50 árbores máis comúns

Henrique Niño Ricoy e Carlos Silvar.
Bahía

Con este libro aprenderás a coñecer as 50 especies de árbores máis comúns en Europa Occidental en calquera época do ano e permitirache tamén descubrir moitas cousas sobre os seus usos e beneficios.

Antón Reixa: ghicho distinto

Manuel Xestoso e X. Cid Cabido. Xerais
Antón Reixa, poeta, profesor, líder dun grupo que fai rock en galego, presentador de radio e TV, produtor e director de cine, relembra neste libro o que ten sido a súa traxectoria profesional e vital ata o momento.



Antropoloxía das mulleres galegas: as outras olladas

Enrique Alonso Población e Sharon R. Roseman, eds. e coords. Sotelo Blanco
Textos recompilados e traducidos ao galego escritos por nove antropólogas e un antropólogo estranxeiros que realizaron os seus traballos de campo en Galicia e centraron as súas análises nas relacións de xénero e de poder.



Barcos: su historia a través del arte y la fotografía

Andrew Lambert. Planeta

Este volume reúne 360 barcos, tanto do mundo real coma da ficción, a arte ou o cine, entre os que imos atopar o Lusitania, o Príncipe de Asturias ou a Perla Negra de Jack Sparrow.

Bernardino, mariñeiro do verbo

Héitor Mera Herbello. Morgante

Héitor Mera reivindica a figura do poeta Bernardino Graña neste amplo estudo sobre a súa vida e obra.



Bonsáis

Rémy e Isabelle Samson. Larousse

Unha guía con información básica e sinxela para coidar un bonsái.

La brújula del cuidador: ayuda para familiares y cuidadores

Raúl Córdoba. Plataforma Editorial

Unha viaxe de ida con retorno, a forza do corazón, cultiva a risa, comete erros... estes son algúns dos capítulos polos que nos vai guiando o autor deste libro para conseguir axudar a familiares e cuidadores de xente enferma. Unha visión optimista sobre un tema que está afectando a tantas familias.



La cámara de Pandora: la fotografi@ después de la fotografía

Joan Fontcuberta. Gustavo Gili

Un libro que tenta dar resposta á pregunta sobre o futuro da fotografía analóxica no novo mundo dixital.

Cartas de África

Arthur Rimbaud; ilustracións de Hugo Pratt. Gallo Nero

O poeta, Arthur Rimbaud marcha a África, con 24 anos, para buscarse a vida e establécese en Abisinia, onde vive do comercio de café e de armas. Este libro recolle a correspondencia que mantivo coa súa familia durante este período.



Cocina para torpes

Angelita Alfaro. Anaya

Recetas ricas e fáciles de preparar, sen complicacións, sen ingredientes raros... xa non se necesita ser un cociñeiro experto para triunfar na mesa coa túa familia e amizades.

La comida de la familia: como lo que se comía en el Bulli de seis y media a siete

Ferran Adriá. RBA

31 menús que se facían para o xantar diario do persoal do restaurante el Bulli e que Ferran Adriá reúne neste libro para que poidan aproveitar estas ideas as familias nos seus fogares.



Como falar de arte aos nenos: o primeiro libro de arte para nenos... adicado aos adultos

Françoise Barbe-Gall. Nerea

O que tes que saber para que aos teus fillos lles guste ir aos museos, exposicións ou a visitar monumentos. Con el a arte será un pracer.



Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez

Carlos Callón. Xerais

A través de consellos e reflexións, o autor tenta que aflore o galego que sabemos e anímanos a aprender máis.

Confesiones de un joven novelista

Umberto Eco. Lumen

Mestura de memorias e ensaio teórico, autobiografía e síntese intelectual, atopámonos ante unha reflexión sobre a forma de escribir de Umberto Eco e o seu paso de ensaísta a novelista. Descubrimos as súas influencias, as súas lecturas e o modo en que documenta as súas ficcións.

Conseguir trabajo con el currículum adecuado: encontrar lo que se persigue

Julie Gray. Pirámide

Redactado co apoio de C. V. Centre. Ensina, paso a paso, como redactar un currículo, ademais de axudarnos con enlaces e artigos en liña.



La crisis rompe las reglas: como afrontar las nuevas amenazas de la economía mundial

Max Otte. Ariel

O economista Max Otte mantén unha conversa co periodista Thomas Helfrich no que se fala da crise actual e de políticas e estratexias para afrontala.

El despertar de los demonios: la crisis del euro y cómo salir de ella

Jean Pisani-Ferry. Antoni Bosch
Proporciona as claves da crise económica actual e a saída dela coas súas probables posibilidades de éxito.

Los enemigos íntimos de la democracia

Tzvetan Todorov. Galaxia Gutenberg
Ensaio crítico co que o autor denomina «perversión» da sociedade e co ultraliberalismo. Denuncia o sacrificio do individuo no altar da rendibilidade, ao que se considera imprescindible para a supervivencia do estado e dos países. O autor é Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais en 2008.

Escritos de mocidade (1914-1918)

Antonio Gramsci. Laiovento
O inicio e fin da I Guerra Mundial enmarcan esta serie de artigos que ilustran o achegamento ao socialismo do autor. Así mesmo amosan o seu interese pola cultura e literatura populares, a función dos intelectuais e a contraposición do seu concepto revolucionario para Occidente cos feitos que neses intres acontecen en Rusia.





Ética radical

Carlos París. Tecnos

«Unha crítica ás formulacións tradicionais da ética» así describe o filósofo Carlos París o propósito que guía esta terceira parte da triloxía comezada coa «Crítica de la Civilización Nuclear» e «El Animal Cultural». O autor propón unha reconsideración tanto da historia dos armamentos, o auxe e dominio das novas tecnoloxías como da evolución do modo de produción capitalista, para apostar pola superioridade do altruísmo fronte ao egoísmo, aínda que a Historia das Civilizacións non teña avanzado nesa dirección.



Facebook: aplicaciones profesionales y de empresas. Edición 2012

Óscar Rodríguez Fernández. Anaya

Coas novas tendencias de comercialización en Facebook este libro é un bo instrumento de achegamento tanto para empresas como usuarios/as particulares.

La farmacia verde

Jörg Grünwald e Christof Jänicke. Everest

Obra de referencia sobre a aplicación das plantas en medicina (fitoterapia), que presenta toda a información interesante sobre cada remedio, ofrece recomendacións serias e permite atopar a mellor solución para cada trastorno.

Feminismo en el Islam

Margot Badran. Cátedra

O feminismo no Islam existe e proba diso é este libro. A súa autora afirma que o feminismo islámico reivindica unha concepción de igualdade entre a comunidade de crentes, que de feito está recollida no Corán.

A formación do Reino de Galiza (711-910)

Xosé Antonio López Teixeira. Toxosoutos

Nova achega á historia do noso país cun interesante traballo sobre o «Reino de Galiza» da Idade Media.

A Galicia da Segunda República

Alfonso Iglesias Amorín. Lóstrego

De 1931 a 1936, Galicia, igual que o resto de España, vive un lustro de cambios e progreso que a pesar da súa brevidade deixou unha fonda pegada na historia.

Galicia rural: un ensaio fotográfico

Iain Colquhoun. Morgante

A través dos ollos de Iain Colquhoun, galés casado cunha galega, vense moitas cousas. Boas e menos boas, cotiás e espectaculares, fuxidías e concretas, mais ningunha delas nos deixará indiferente.





Guía de petróglifos de Galicia

Buenaventura Aparicio Casado, Antonio de la Peña Santos. Edicións do Cumio
Da man de dous dos maiores coñecedores de gravados rupestres no país, internámonos a coñecer unha selección de 45 pezas correspondentes aos achados máis significativos. Trátase dunha guía que permitirá a moitos lectores e lectoras iniciarse no complexo mundo da arte rupestre repartida por boa parte do país e coñecer parte do seu patrimonio cultural.

Guía para mujeres desesperadas: mejora tu vida en todos los aspectos

Caroline Jones. Everest

Este libro ofrece axuda para alcanzar o éxito en todas as situacións complicadas ás que te enfrontas cada día.

Herdeiros pola forza

Xurxo Ayán e Manuel Gago. 2.0 editora
O arqueólogo Xurxo Ayán e o xornalista Manuel Gago tratan a situación actual na que se atopa o patrimonio cultural galego e fan unha chamada á cidadanía para que participe activamente na súa preservación.



Huerto


Philippe Asseray. Larousse

Guía ilustrada dividida nun calendario coas 4 estacións do ano. Dinos o que plantar en cada estación, os cuidados a ter segundo o momento do ano e 12 nocións básicas para levar un horto a bo fin.

iPad. Edición 2012

J. D. Biersdorfer. Anaya

Guía de uso sobre as principais aplicacións do iPad: conectarse a redes wifi, acceder a todas as súas funcións e solucionar problemas habituais.



Juárez en la sombra: crónica de unha ciudad que se resiste a morir

Judith Torrea

J. Torrea é unha periodista especializada en narcotráfico, crime organizado, pena de morte, inmigración e política na fronteira de México con Estados Unidos. Este libro recórdanos o horror que se está a vivir cada día en Ciudad Juárez.



Lo tengo, no lo tengo

Javier Conde. Espasa

Un repaso pola historia do coleccionismo de cromos.

¡Masajes relajantes! Reanima tus sentidos y mímate

Karin Schutt. Everest


Unha chea de masaxes eficaces para gozar só ou en parella. Un libro que nos facilita unha fonda sensación de bienestar e relax para liberar o estrés. Amplo número de fotografías.



Menopausia: cómo vivirla y superarla sin miedo

Carmen Laparte Escorza e Manuel García Manero. Everest

Para coñecer todas as respostas que se fan as mulleres cando chegan os cambios hormonais propios desta etapa da vida.



Mujeres en el mundo: historias, retos y movimientos


Mary Nash. Alianza

A autora consegue perturbar as consciencias das mulleres e, sobre todo, dos homes do século XXI, porque a historia revélanos a enormidade de tempo e sufrimento que lle levou ás nosas bisavoas, avoas, nais... conseguir que hoxe as mulleres teñamos, un recoñecemento como suxeitos autónomos.

Murguía

Xosé Ramón Barreiro Fernández. Galaxia

Exhaustiva biografía de Manuel Murguía, destacado representante do galeguismo no século XIX, que estivo casado cunha das máis grandes poetas da nosa lingua, Rosalía de Castro



La nariz de Charles Darwin y otras historias de la Neurociencia

José Ramón Alonso. Almuzara

Ensaio divulgativo sobre o cerebro e a neurobioloxía, rigoroso pero divertido.

No más rabetas

Isabelle Filliozat. Oniro

Manual para axudarnos a comprender mellor o comportamento dos nenos/as nos primeiros cinco anos de vida con consellos para solucionar situacións conflitivas e evitar os problemas máis comúns.

Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro

Ramón Nicolás. Xerais

Percorrido pola traxectoria persoal e literaria dun dos grandes da literatura galega.

Las pioneras

Rita Levi-Montalcini e Giuseppina Tripodi. Crítica

As mulleres que cambiaron a sociedade e a ciencia desde a Antigüidade ata os nosos días.

Las preguntas de la vida

Fernando Savater. Ariel

Ao longo da vida formulámonos moitas preguntas que grazas á filosofía poden ter resposta.

Puentes del mundo


Tim y Anne Locke. Tikal

Selección de pontes de todo o mundo. Cada unha delas con fotos, a súa historia e características principais. Van desde pontes antigas, como a de Alcántara, ata contemporáneas, como a de Kubitschek en Brasil.




O rastro que deixamos

Agustín Fernández Paz. Xerais
Libro con gran carga autobiográfica. Recolle textos, xa publicados ou inéditos, que tratan a vida de Agustín Fernández Paz e tamén o seu traballo.



Retrato de un matrimonio

Nigel Nicolson. Lumen
Vita Sackville-West coñecida non só polos seus escritos, senón tamén por ter sido amiga de Virginia Wolf quen a tomou como modelo para o personaxe protagonista do seu «Orlando», é biografada neste libro polo seu fillo Nigel Nicolson.



Los secretos de la motivación

José Antonio Marina. Ariel
Tratamos aquí un tema que interesa a todos, pais, docentes, políticos, etc.; e que é a motivación. Guía práctica para animar e estimular a outros ou a nós mesmos.

Las setas

Guillaume Eysartier. Larousse
Guía de setas con láminas acompañadas de datos como hábitat, tempada do ano na que dáse e criterios para recoñecelas.



El sistema solar

Marcus Chown. Vox
Percorrido en imaxes, creadas polos especialistas de Planetary Visions a partir de fotografías da NASA, polo noso Sistema Solar: planetas, lúas e outros corpos celestes.

Sonríe o muere: la trampa del pensamiento positivo

Barbara Ehrenreich. Turner

Libro desmitificador e realista no que a autora reflexiona sobre a influencia que tivo na sociedade, na economía e na vida privada, o que ela denomina «tiranía do pensamento positivo».

Los sueños de la evolución

Eudald Carbonell. RBA editores

Carbonell repasa os grandes descubrimientos científicos que achegaron información fundamental sobre as nosas orixes.

Superar la adversidad: el poder de la resiliencia

Luis Rojas Marcos. Espasa Libros

De forma clara e amena o autor ensínanos a afrontar as adversidades que nos depara a vida.

Todavía estoy aquí: una nueva filosofía para el cuidado de las personas con Alzheimer



John Zeisel. Edaf

Guía para os/as cuidadores/as de enfermos/as de Alzheimer, co obxectivo de ofrecerlles unha mellor calidade de vida. Ensina como detectar a enfermidade, os cambios que vai sufrir a persoa afectada e lugares aos que poder acudir para encontrar apoio.

Tolkien: el señor de los mitos

Maria Florencia Rampoldi. Círculo latino.

A autora ofrécenos unha breve biografía do autor de El Señor de los Anillos, así como un pequeno estudo sobre a mitoloxía na que se baseou para escribir a súa obra.



Tres maestros: Miguel Ángel, Tiziano, Rafael

Alejandro Dumas. Gadir

Tres biografías noveladas nas que Dumas achega un interesante ingrediente teatral e o chisco necesario de fantasía. A través destas revivimos a sociedade dos séculos XV e XVI, cos amores e intereses destes grandes da pintura e obtendo, de paso, unha visión do Renacemento italiano.




Unha viaxe pola infancia: (de cómo van construíndo o seu mundo)

Antonio Gómez Albo. Ir Indo

Un libro sobre os nenos de 0 aos 6 anos, toda a información necesaria para o profesorado da etapa infantil e para os pais e nais que queren saber máis.

La vida bajo la quilla: fauna y flora marina de las Rías Baixas

Rafael Sanmartín Lois; Jose Luis Escalante González. Todogrove
O fotógrafo mariño Rafael Sanmartín e o biólogo Jose Luís Escalante móstranos a marabillosa vida subacuática das Rías Baixas.



Windows 8

Miguel Pardo Niebla. Anaya

Ensínanos, dunha maneira fácil, o manexo do novo sistema operativo, desde os principios básicos a complexas tarefas, a traballar co escritorio, crear redes, etc.

DVD para mozas/os e adultas/os



Un buen año

Dirixida por Ridley Scott, con Russell Crowe e Marion Cotillard. Twentieth Century Fox

Un home cuxa única razón de ser é a adquisición de fortuna a expensas dos demais herda un viñado no sur de Francia. De súpeto comezará a gozar dos praceres máis sinxelos –e máis importantes– da vida. Comedia adulta sobre un «peixe fóra da auga» que madura humanamente.

El cuerno de la abundancia

Dirixida por Juan Carlos Tabío, con Jorge Perugorria, Enrique Molina e Paula Alí. Cameo Media

A un suposto pobo cubano chega a nova de que unha cuantiosísima herdanza dunhas monxas teresianas vai repartirse entre todos aqueles que ostenten o apelido –tan galego– Castiñeiras. A partir de entón todos os implicados comezan a tramitar o papelorio para facerse coa súa porción exacta do pastel. Comedia costumista que lembra o estilo coral de Luis G. Berlanga.



Día de fiesta

Dirixida por Jacques Tati. Protagonizada por Jacques Tati, Santa Relli e Guy Decoble. Savor

O pobo de Saint Sévère está de festas. No cine proxéctase un documental onde se ve o servizo de correos de Estados Unidos que conta cun helicóptero para distribuír as cartas. François, o carteiro do pobo, ferido no seu orgullo, lanzarase á distribución do correo máis acrobática xamais vista. Opera prima de Jacques Tati.



... E seguimos c@ntando contigo

Coro de Oleiros. Microrec

Primeiro DVD do coro fundado en 1995 e dirixido por Luciano Lago Padín, que presenta os concertos gravados na Igrexa de Santa María de Oleiros e San Nicolás da Coruña en maio e xuño de 2012. Inclúe habaneras, temas populares, obras clásicas e cantos relixiosos.



Feliz navidad

Dirixida por Christian Carion, con Benno Fürmann, Guillaume Canet, Daniel Brühl e Dany Boon. S.A.V. Planeta *Pouco despois do inicio da Primeira Guerra Mundial, catro bandos europeos decidiron pactar unha breve tregua para desexarse mutuamente Feliz Nadal. As bandeiras perderon a súa importancia, as armas quedaron abandonadas, as ideoloxías en pausa para unir a persoas con sentimentos similares, a pesar dos seus lugares de orixe.*

Fitness para vagos: ¡maximo éxito con el mínimo esfuerzo!

S.A.V.

Non sempre temos tempo para practicar deporte, con este DVD coñeceremos os exercicios necesarios que nos axudan a estar en forma en moi pouco tempo.

Galego

Dirixida por Manuel Octavio Gómez, con Sancho Gracia, Jorge Sanz, Rosalía Dans e Francisco Rabal, música de Pablo Milanés. Axencia Audiovisual Galega

As paisaxes da alma dun home que con suma honradez, gallardía, e entusiasmo polas causas nobres, procura o soño de enriquecerse emigrando da súa terra natal, pero tópase cun tesouro aínda máis prezado. Homenaxe a Sancho Gracia, actor recentemente falecido.



Happy: un cuento sobre la felicidad

Dirixida por Mike Leigh, con Sally Hawkins e Alex Zegerman. Savor

As bondades dunha moza todo corazón impermeable ao desalento, loitadora pero felizmente contaxiosa, que non torce o brazo cando de emanar optimismo e contaminar del aos que lle rodean. A protagonista foi galardoada co Oso de Prata do Festival de Berlín.



Jules et Jim

Dirixida por François Truffaut, con Jeanne Moreau, Oskar Werner e Henri Serre. Avalon

O conflito entre a amizade e o amor a través da historia dun triángulo amoroso: Jim ten éxito coas mulleres, mentres que Jules non sae dun fracaso sentimental para entrar de cheo noutro. Pero todo cambia cando Jules coñece a Catherine. Obra encadrada dentro do movemento coñecido como «nouvelle vague».

Monsieur Verdoux

Dirixida por Charles Chaplin, con Charles Chaplin, Martha Raye e Marilyn Nash. Savor

Henri Verdoux é un home que, para superar unha crise económica tras ser despedido do seu traballo, emprende unha vida delituosa emparellándose secretamente con varias mulleres enriquecidas para ir roubándolles o diñeiro e facerllo chegar á súa muller e ao seu fillo. Comedia negra onde Chaplin deixa atrás por vez primeira o personaxe do vagabundo.

El niño de la bicicleta

Dirixida por Jean Pierre e Luc Dardenne, con Cécile de France e Thomas Doret. Cameo media

Cyril, un rapaz de doce anos cuxo pai deixoulle temporalmente nun centro de acollida, escápase e consegue chegar ao piso onde vivía, onde non atopa o seu pai. O mozo insiste en quedar, agarrándose con forza a Samantha, unha perruqueira da zona, que lle dá o agarimo que á súa idade necesita. Gran Premio do Xurado en Cannes no ano 2011.

Un novio para mi mujer

Dirixida por Juan Taratuto, con Valeria Bertuccelli e Gabriel Goity. Karma films
Un marido pouco comunicativo quere desfacerse da súa muller que fala polos cóbados, é hiperactiva, malhumorada e non para de protestar polo máis inofensivo. Comedia negra de corte romántico que obtivo un gran éxito en Arxentina, onde logrou desbancar nos cines ás producións norteamericanas.



Pacto de los lobos

Dirixida por Christophe Gans. Filmax
Película francesa cuns efectos especiais máis que dignos, inclúe artes marciais na Francia de Luís XV e unha lúgubre fotografía que ambienta moi ben a trama.



Pequeñas mentiras sin importancia

Dirixida por Guillaume Canet, con François Cluzet, Marion Cotillard, Benoît Magimel, etc. A Contracorriente films

Varios matrimonios, parellas inestables e mozos solteiros comparten espazo, tempo e diversión na casa dun deles xunto á praia, en Cap Ferret, na costa de Aquitania, á vez que un dos seus amigos se debate entre a vida e a morte nun hospital parisiense.

É a película de maior recadación en Francia no ano 2010.



El tren de las 3:10

Dirixida por James Mangold, con Russell Crowe e Christian Bale. Filmbox Home Video

«Remake» do orixinal de 1957 de Delmer Daves. Un rancheiro de Arizona decide colaborar na captura do perigoso fuxido Ben Wade coa aspiración de conseguir unha recompensa que alivie as súas penurias.

Tsunami: el día después

A traxedia que arraxou Sumatra hai uns anos é a temática desta película que xusto empeza nos instantes previos á chegada da gran onda.

Dramas persoais, familiares e especulacións hoteleiras van configurando a historia que non deixará indiferente a ningún espectador.

Wendy and Lucy

Dirixida por Kelly Reichardt, con Michelle Williams e Will Patton. Cameo media

Wendy trasládase a Alaska para empezar un novo traballo, pero tras un incidente perde á súa cadela Lucy e a súa cantidade limitada de dólares vai mingando mentres vai anotando os gastos nun caderniño de viaxes.



CD Audio para mozas/os e adultas/os



Aires tropicales

Paquito D'Rivera & Quinteto Cimarrón. Outra+outra. Fundación Paideia
Segundo álbum do dinámico Quinteto Cimarrón, unha pléiade de músicos cubanos afincados en Galicia que nesta ocasión protagonizan un encontro musical co afamado clarinetista e saxofonista Paquito D'Rivera na súa primeira gravación no país. Pezas da tradición musical cubana, xunto con novas composicións e unha interesante adaptación a corda do tema «Aires tropicales».

As I am

Alicia Keys. Sony BMG
A cantante e pianista gañadora de varios Grammy e considerada enésima «diva do Soul» pretendeu ensanchar neste terceiro disco –se xa era posible– a súa audiencia potencial achegándose ao pop e o rock. Cambios que non sempre foron ben recibidos polo seu público inicial, pero que confirmaron á intérprete no universo das grandes cantantes norteamericanas.

Best of Mano Negra

Mano Negra. EMI Music

O grupo dos irmáns Chao –fillos de emigrantes galegos– marcaron nos anos 80 o inicio da fusión de ritmos urbanos que proveñen das banlieues parisiñas e do sur de Francia. Ritmos mediterráneos, chanson, rumba, música latina e hip hop complementáanse nun multicolor retrato da realidade social dos menos favorecidos no final de século. Dobre CD recopilatorio que inclúe temas en estudo e en directo.

The cat walk

Donald Byrd. Blue Note Records

Firmemente enraizado na tradición hard-bop que Byrd continuará ao longo dos anos sesenta do pasado século, esta gravación impressiona non só pola súa empatía senón tamén pola variedade de tons e multitude de expresións que Byrd extrae da súa trompeta.

Curtis

Curtis Mayfield. Rhino Records

Álbum de debut do cantante soul Curtis Mayfield cargado –como non– de letras de compromiso social e militancia política, influenciadas polo pensamento de Martin Luther King. Edición especial con 8 temas extra.



Danube; Moravian Dances; Suite Op. 3

Leoš Janáček. Orquestra Filarmónica Eslovaca. Director: Libor Pešek. Naxos *O compositor moravo, un dos representantes do movemento nacionalista musical do século XIX, representa ao río Danubio, segundo o seu discípulo Osvald Chlubna, como unha muller con todas as súas paixóns e instintos. Esta gravación transpórtanos coa axuda da soprano Jana Valášková, ao espazo tímbrico, suntuoso e ondulante, das últimas óperas do autor.*



Guitarra gitana

Tomatito. Nuevos Medios *Terceiro traballo discográfico do guitarrista almeriense, repleto de tangos, alegrías e bulerías. Obtivo unha gran resposta de críticas e de vendas. Tomatito presentou este disco nos máis importantes escenarios de España e do resto do mundo.*

Kid A

Radiohead. EMI Music *No seu cuarto álbum de estudo, Kid A, Radiohead ofreceu un son radicalmente distinto, aínda que seguiron explorando a vertente electrónica xa experimentada en Ok Computer, pero indo máis lonxe aínda, con maior ousadía, provocando así o desconcerto dos seus fans máis leais ata entón.*

Live at the Apollo (Deluxe Edition)

James Brown. Universal Records

Ata 1967 o padriño do Soul actuou unhas 200 veces no famoso teatro do Harlem neiorquino e durante todo ese tempo o público foi testemuña da súa lenta pero firme evolución cara á consolidación artística e comercial. O James Brown de 1967 buscaba reinventarse a si mesmo, sentindo a necesidade de poñerse á vangarda dos cambios musicais do final da década, e sendo os seus espectaculares recitais o seu punto forte.



Mar Maior

Luar Na Lubre. Warner Music Spain

Luar Na Lubre afonda na música e na lírica medieval galaico-portuguesa e na cultura irlandesa. Destaca a incorporación de Paula Rey como nova vocalista.



Meu canto

Uxía. Folmúsica

Meu canto é o novo proxecto de Uxía, no que actualiza os seus temas clásicos. Considerado por ela mesma como unha volta ás súas orixes, cando actuaba só coa súa guitarra, foi gravado no Brasil con importantes músicos do país. Inclúe temas que leva cantado en directo ao longo destes anos, outros temas clásicos e textos de poetas como Manuel Antonio, Curros Enríquez, Manuel María ou ata un inédito de Novoneyra.

The rise and fall of Ziggy Stardust and the Spiders from Mars

David Bowie. EMI Records

Disco conceptual no que David Bowie crea o alter ego Ziggy Stardust, presentando un abano estilístico moi amplo, é glam rock, si, pero sobre todo rock & roll básico no que entran influencias punk. En escena, o resultado era unha transposición do musical de Broadway, combinado coa ciencia ficción e o teatro kabuki.



Rodeira

Brath. Sons Galiza

Un disco conceptual que denuncia, desde unha óptica musical, os problemas ambientais que tradicionalmente afectaron a Galicia. Composto na súa totalidade por Eloi Caldeiro, Rodeira narra o desexo e necesidade de que chegue intacto á seguinte xeración de galegos e galegas o patrimonio natural que atesoura o país.

Singles 93-03

Chemical Brothers. Virgin Records

Recompilatorio que recolle a traxectoria deste dúo de música electrónica na década dos noventa. Esta edición dobre ten carácter limitado e inclúe no seu primeiro disco os sinxelos correspondentes a esa etapa máis dous temas inéditos. O segundo disco inclúe material non editado, entre o que se inclúen algúns temas do grupo no seu formato máis primitivo, remesturas e gravacións en directo.

Symphonies nº 1 and 2 ; Lady in the dark

Kurt Weill. Orquesta Sinfónica de Bournemouth. Director: Marin Alsop. Naxos

Máis coñecido polo seu extenso catálogo de obras musicais para teatro, a contribución do compositor alemán Kurt Weill ao xénero instrumental comprende estas dúas sinfonías, compostas en 1921 en Alemaña e 1934 en Francia, despois do exilio do compositor tras o ascenso ao poder de Hitler. «Lady in the dark» é un musical de Broadway (1941) correspondente á etapa norteamericana de Weill, finalmente nacionalizado estadounidense.



Tanto tempo

Bebel Gilberto. Ziriguiboom

O xénero electro-bossa non se podería entender sen a contribución da voz melancólica de Bebel Gilberto, filla de João Gilberto e sobriña de Chico Buarque. O seu álbum de debut supuxo unha nova volta de porca na fusión da bossa nova e a electrónica e conseguira vender máis de dous millóns de copias en todo o mundo.





Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

www.oleiros.org



Bibliotecas Públicas
Municipales

Premio Nacional María Moliner 2011

**CATÁLOGO DO FONDO
BIBLIOGRÁFICO ▼**

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:

<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>